

A SALA X, Sala de Exposicións do Campus de Pontevedra exporá

ELAS FAN TECH

NURIA CANO / FÁTIMA CASTAÑO / VICTORIA DIEHL

ANAISA FRANCO / ANNA KATARINA MARTIN / BEGO M. SANTIAGO

FRANCESCA MEREU / YASMINA MORÁN / INÉS PARCERO / LILIA VILLAFUERTE

MARIANA CARRANZA / CHRIS SUGRUE

- **A exposición *ELAS FAN TECH* está integrada por artistas españolas e internacionais que veñen explorando as posibilidades expresivas dos medios tecnolóxicos na súa obra.**
- **Nas obras expostas aprópiase desa ferramenta tecnolóxica, tradicionalmente considerada masculina, para abordar diferentes posicionamentos conceptuais e romper estereotipos.**
- **Son 12 artistas que entrecruzan o factor lúdico co científico, o humor coa fantasía ou a política, mesturando estética e ciencia en múltiples medios dixitais, como instalacións audiovisuais e obras interactivas.**
- **A mostra inaugurarase o vindeiro xoves 21 de novembro, ás 12.30 horas, na Sala X, na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Poderase visitar até o 17 de xaneiro de 2014, de luns a venres laborables entre as 12.00 e as 14.00 horas e de 19.00 a 21.00 horas.**

Grazas á colaboración entre a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra acolle a mostra *ELAS FAN TECH*, un proxecto que foi exposto por primeira vez o 21 de xaneiro de 2013 en Normal, Espazo de Intervención Cultural da UDC. Algunhas das obras que se poderán ver na Sala X foron creadas en residencia artística en Normal e foron producidas pola Universidade da Coruña.

Anxela Caramés, comisaria da exposición, seleccionou mulleres que usan a tecnoloxía na súa produción artística, para tratar de ofrecer unha nova imaxe non estereotipada do uso desta ferramenta, que tradicionalmente foi considerada masculina. O proxecto expositivo reúne a 12 artistas españolas e internacionais que abordan as diferentes posibilidades

expresivas dos medios tecnolóxicos, a través da elección das técnicas empregadas, os conceptos e as intencións.

En *ELAS FAN TECH* o espectador vólvese activo, búscase que interveña, que xogue e se interroge sobre o que está a acontecer, xa que é confrontado con espazos e obras que deixaron de ser estáticas. A través dos novos medios electrónicos e dixitais, como o net-art, o ciberactivismo, o ciberfeminismo, a arte interactiva, a vídeo-instalación, o videoarte, a fotografía dixital, a arte sonora ou a realidade virtual e a realidade aumentada, cuestiónase como a arte é producida e mostrada, o que conleva unha nova valoración dos seus contidos, así como a súa función na sociedade.

O lúdico e o científico entrecrúzanse, xunto co humor, a fantasía ou a política, mesturando estética e ciencia en múltiples propostas artísticas. Podemos comprobalo na instalación audiovisual de Fátima Castaño, a peza de software art de Lilia Villafuerte, os traballos de mapping e tratamento dixital de Bego M. Santiago, Nuria Cano e Victoria Diehl, ou as obras interactivas de Anaisa Franco, Anna Katarina Martin, Francesca Mereu, Yasmina Morán e Inés Parceró, así como nas instalacións de Mariana Carranza e Chris Sugrue, as cales, malia participaren con obras non físicamente presentes en Pontevedra, poderánse visionar a modo de documentación audiovisual, xunto con outras obras que non puideron ser expostas nesta ocasión.

Polo tanto, as pezas que agora se poderán ver na Sala X son unha selección das 15 obras que participaron en Normal, xunto con algúns traballos novos en relación á primeira exhibición, malia que sempre vinculadas ás que estiveron presentes na Coruña.

O proxecto *ELAS FAN TECH* xurdiu da colaboración con M-Artech, plataforma de mulleres, arte e tecnoloxía creada por Francesca Mereu en 2012, que trata de conectar, divulgar e visibilizar traballos nos que a presenza feminina nas novas tecnoloxías se afirma con potencia e rotundidade. Previamente, Francesca Mereu e Anxela Caramés, xa organizaran *Muartech: Acciones híbridas desde el género y la tecnología*, unhas xornadas de vídeo, conferencias e performances en Espacio Menosuno (Madrid), para conmemorar o 8 de marzo de 2011. Alén diso, o Congreso Internacional de Mujer Arte y Tecnología (CIMUAT) celebrado en 2010 na Universidad Politécnica de Valencia, e organizado por Empar Cubells e Mau Monleón, profesoras do Departamento de Escultura da Facultade de Belas Artes de San Carlos, serviu como canalizador da plataforma, poñendo en contacto á artista e á comisaria.

Arquivos adxuntos:

Obras de artistas formadas na Facultade de Belas Artes de Pontevedra:

- Victoria Diehl: *Vida y muerte de las estatuas* (2004), fotografía cor en caixa de luz, 90x70cm
- Bego M. Santiago: *Retrato de familia* (2009), vídeo dixital monocanal (3'55")
- Yasmina Morán: *Televotón* (2013), instalación interactiva
- Inés Parceró: *Red Ola* (2009-2013), Jukebox experimental interactivo

Para máis información:

–Mar Caldas / Coordinadora da Sala X, Sala de Exposicións do Campus de Pontevedra
620.74.12.18 / sala-x@uvigo.es

–Anxela Caramés / Comisaria da exposición
605.87.99.75 / carames.anxela@gmail.com

–Web do proxecto *ELAS FAN TECH*:
<http://cargocollective.com/elasfantech>